



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA
“REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”**

EXPTE. CONTRATACIÓN NÚM. 3008/2024

ASISTENTES:

Presidente: D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

Secretario: D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

Vogais:

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación, asiste telemáticamente.

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 26 de setembro ás 10.15 horas, previa a súa convocatoria, réunese a mesa de contratación para a apertura do sobre C, que contén a documentación administrativa e a oferta suxeita a criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas para a súa valoración e, se procede elevar, a proposta de adxudicación da obra, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COAATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, I.V.E. do 21% 16.535,58 euros, totalizando un orzamento base de execución por contrata de 95.276,43 euros, e cun prazo de execución de catro meses, aprobado pola resolución da alcaldía núm.2024-0863 de data 22-08-2024.

O expediente de contratación aprobouse pola resolución da alcaldía número 20254-0959 de data 04-09-2024, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público na data de 05-09-2024 o anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e demais documentación preceptiva.

Durante o prazo hábil presentáronse as seguintes empresas á licitación:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, SA. CIF A15352735
2. EXCAVACIONES NIMA, SL. CIF B15405335
3. RSC GALICIA, SL. CIF B09991712

Procédese á apertura do sobre C que contén a documentación administrativa (declaración responsable ou DEUC) e oferta suxeita a criterios avaliados de forma automática, co seguinte resultado:

<u>Empresa</u>	<u>CIF</u>	<u>Oferta</u>	<u>Cont. Desemp.</u>	<u>%Mulleres</u>
1. EULOGIO VIÑAL OBRAS				





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

Y CONTRUCCIONES, SA.	A15352735	74803,81	0	12,50%
2. EXCAVACIONES NIMA, SL.	B15405335	74873,88	0	0%
3. RSC GALICIA, SL.	B09991712	77717,73	5	0%

Compróbase que as empresas presentadas presentan a declaración responsable esixida polo que se admiten ao procedemento e procédese á valoración consonte ás fórmulas que constan na cláusula 14ª do PCA (Para o prezo aplicárase a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e aplicable, entre outros nos procedementos de contratación da Deputación da Coruña, a cal pódese consultar no seguinte enlace: (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion/>, e para os outros criterios o establecido no anexo IV do PCA), facendo constar que á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA non se lle valora a porcentaxe de mulleres (12,50%) por non indicar o total de persoas traballadoras fixas do cadro de persoal que conforman a plantilla da empresa, consonte ao establecido no Anexo IV do PCA, outorgando así as seguintes puntuacións a cada un dos licitadores:

Empresa	CIF	Oferta	Cont.	Desemp.	%Mulleres	Total
1. EULOGIO VIÑAL OBRAS						
Y CONTRUCCIONES, SA.	A15352735	18,67	0		0	18,67
2. EXCAVACIONES NIMA, SL.	B15405335	18,33	0		0	18,33
3. RSC GALICIA, SL.	B09991712	04,85	5		0	9,85

Polo que a oferta presentada por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, SA. coa súa oferta económica de 74.803,81 euros, mais o IVE 15.708,80 euros, que totaliza a contía de 90.512,61 euros, acada a maior puntuación e considérase como a que presenta unha mellor relación calidade-prezo, polo que a mesa de contratación, acorda:

Primeiro.- Elevar a proposta de adjudicación da obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE” a favor da oferta presentada por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, SA , considerada como a que presenta a mellor relación calidade-prezo no prezo ofertado de 74.803,81 euros mais o IVE 15.708,80 euros, que totaliza a contía de 90.512,61 Euros, con suxeición á súa oferta e aos pregos que rexen a licitación.

Segundo.- Requirit ao licitador EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, SA que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que achegue a documentación esixida nas cláusulas 16.1.2 y 16.1.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa notificación electrónica.

Terceiro.- Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.





**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

O presidente dá por rematada a reunión ás 11.15 horas, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

